

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
663/2022	O Pleno	29/09/2025

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 663/2022. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE CUMEIRO, CONCELLO DE VILA DE CRUCES.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0
-----------	--

RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 663/2022

PROPOSTA DE ACORDO.

Procedemento: Aprobación inicial da Modificación puntual da Normas Subsidiarias de Planeamento para a Delimitación do Núcleo Rural de Cumeiro, Concello de Vila de Cruces.

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O concello de Vila de Cruces dispón dunhas Normas subsidiarias de planeamento municipal (NNSSPP) aprobadas definitivamente o 12.2.1993.
2. O 24.08.2022, a través de rexistro xeral de saída 2022-S-RC-769, o Concello de Vila de Cruces, remite á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade escrito no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro, en ausencia de Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vila de Cruces, de conformidade co estipulado no apartado 3 do artigo 60 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de Solo de Galicia, así como o apartado 3 do artigo 191 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
3. O 30.11.2022, a través de rexistro xeral de saída 2022-S-RC-1038, o Concello de Vila de Cruces, remite á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, documentación en relación co requirimento de emenda da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro.



4. O 07.12.2022, a través de rexistro xeral de saída 2022-S-RC-3897, o Concello de Vila de Cruces, remite á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, documentación en relación co 2º requirimento de emenda da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro.
5. O 04.10.2023, a través de rexistro xeral de saída 2023-S-RC-800, o Concello de Vila de Cruces, remite á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, documentación en relación co 3º requirimento de emenda da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro.
6. O 10.01.2024, a través de rexistro xeral de saída 2024-S-RC-3, o Concello de Vila de Cruces, remite á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, documentación en relación co 4º requirimento de emenda da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro.
7. No Diario Oficial de Galicia n.º 64, de data 2 de abril de 2024, procédese á publicar anuncio de 18 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade, e Cambio Climático, polo que se da publicidade ao informe ambiental estratéxico relativo á modificación das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Vila de Cruces para delimitar o solo de núcleo rural de Cumeiro (Exp. 2022AAE2715).
8. O 24.09.2024, a través de rexistro xeral de entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, o Concello de Vila de Cruces, presenta solicitude desestimento de tramitación do procedemento 2022AAE2715 de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro, no Concello de Vila de Cruces.
9. O 04.10.2024, a través de rexistro xeral de saída 2024-S-RE-1084, o Concello de Vila de Cruces, remite á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade escrito no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro, en ausencia de Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vila de Cruces, de conformidade co estipulado no apartado 3 do artigo 60 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de Solo de Galicia, así como o apartado 3 do artigo 191 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
10. O 04.10.2024, a través de rexistro xeral de entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, 2024/2871925, o Concello de Vila de Cruces, remite á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade escrito no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro.
11. O 07.11.2024, a través de rexistro electrónico da Xunta de Galicia 2024/3172715, o Concello de Vila de Cruces, remite á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, documentación en relación coa 1º requirimento de emenda da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica da delimitación do núcleo rural común de Cumeiro.
12. A través de rexistro xeral de entrada 2025-E-RC-848, de data 07/03/2025, remítese por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, documento contendo observacións e suxestións da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio no trámite de consultas do



procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Vila de Cruces para a delimitación do núcleo rural común de Cumeiro.

13. 17.03.2025, a través de rexistro xeral de entrada 2025-E-RC-963, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade emite Informe ambiental estratéxico sobre a modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento de Vila de Cruces, para delimitación do núcleo rural común de Cumeiro, Concello de Vila de Cruces (exp. 2024AAE2945).

14. O 18.07.2025, a través de rexistro xeral de entrada 2025-E-RE-710, D. César Gómez Rodríguez, adxunta documentación relativa ao expediente municipal n.º 663/2022

15. O 29.09.2025 a Técnica de Urbanismo emite Informe num. 2025-0078, de carácter favorable para seguir coa súa tramitación, xa que contén a documentación necesaria descrita no art. 190 do DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

16. O 29.09.2025 por parte do Secretario en funcións Municipal, emítese Informe núm. 2025-0053.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 23 a 26, 55 e 78 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

— Os artigos 33 a 40, 122 a 125 e 189 a 191 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

— Os artigos 35 e 37 do Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, de 29 de maio.

— Os artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación polo Pleno, por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568 /1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**.



PRIMEIRO. Aprobar inicialmente nos termos que obran no expediente a Modificación Puntualdas Normas Subsidiarias de Planeamento de Vila de Cruces para delimitación do núcleo rural común de Cumeiro no Concello de Vila de Cruces.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública por prazo de dous (2) meses mediante anuncio en o *Diario Oficial de Galicia*, no xornal Voz de Galicia e Faro de Vigo*. * Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://viladecruces.sedelectronica.es>].

TERCEIRO. Notificar individualmente a todas as persoas titulares catastrais do terreos respecto dos cales se proxecte unha modificación na súa cualificación urbanística.

CUARTO. Solicitar os informes sectoriais que resulten preceptivos no momento que corresponda.

Vista a anterior proposta, e sometida a votación, co resultado de seis votos a favor emitidos polo Grupo Municipal de Xuntos polo Noso Concello, e seis votos en contra, tanto en primeira como en segunda votación, emitidos polos Grupos Municipais de Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Grupo Mixto, e tendo en conta o voto de calidade do Sr. Alcalde, o Pleno da Corporación, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente nos termos que obran no expediente a Modificación Puntualdas Normas Subsidiarias de Planeamento de Vila de Cruces para delimitación do núcleo rural común de Cumeiro no Concello de Vila de Cruces.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública por prazo de dous (2) meses mediante anuncio en o *Diario Oficial de Galicia*, no xornal Voz de Galicia e Faro de Vigo*. * Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://viladecruces.sedelectronica.es>].

TERCEIRO. Notificar individualmente a todas as persoas titulares catastrais do terreos respecto dos cales se proxecte unha modificación na súa cualificación urbanística.

CUARTO. Solicitar os informes sectoriais que resulten preceptivos no momento que corresponda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

